

ASUNTO PLE/2023/00028436N

ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CATRO DE XUÑO DE 2023.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:15 horas** do día **24 de xuño de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereja Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00028436N.

Ratificación da urxencia da sesión.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028454F.

Determinación da periodicidade das sesións do Pleno da Corporación.

3. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028455P.

Creación e composición das comisións de informe, estudo e proposta, de carácter permanente e especial.

4. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028456D.

Aprobación, se procede, da representación dos grupos políticos municipais nas sociedades dependentes ou nas que participa o Concello de Santiago de Compostela.

5. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028457X.

Aprobación, se procede, da representación dos grupos políticos municipais no Consorcio da Cidade de Santiago e no Consello Reitor do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia.

6. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028426W.

Proposta da Alcaldía sobre o réxime de dedicacións exclusivas e parciais, asistencias e indemnización dos membros da Corporación, así como aos grupos políticos.

7. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00028438Z.

Modificación do Cadro de Persoal do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2023.

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00028436N.

Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais e da designación dos seus voceiros.

9. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00028436N.

Dación de conta dos decretos da Alcaldía nº 2023/8135, sobre delegación de competencias da Alcaldía, nº 2023/8136, sobre designación dos membros da Xunta de Goberno Local e nomeamento de Tenentes de Alcaldesa, e do acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023 sobre delegación de competencias.

Cumpriméntase así:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00028436N.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Pleno da Corporación por unanimidade ratifica a urxencia da sesión.

2. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028454F.

DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Pleno é o órgano da máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal e legalmente foille conferida a competencia para regular a súa propia organización e funcionamento.

CONSIDERACIÓNS

Consonte ao previsto no artigo 47.1 do Regulamento orgánico municipal do Pleno, ao comezo do mandato este órgano fixará, a proposta da Presidencia, a periodicidade das súas sesións ordinarias, que en calquera caso deberá respectar a fixada como mínima pola lexislación básica de réxime local.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

O Pleno da Corporación celebrará as súas sesións ordinarias cunha periodicidade mensual, ás 10:00 horas do derradeiro xoves de cada mes. Se o xoves é festivo, a sesión será ás 10:00 horas, dous días antes ou dous despois daquel xoves, previa consulta á Xunta de Portavoces.

No mes de agosto non se celebrarán sesións ordinarias.”

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda celebrar as súas sesións ordinarias cunha periodicidade mensual, ás 10:00 horas do derradeiro xoves de cada mes. Se o xoves é festivo, a sesión será ás 10:00 horas, dous días antes ou dous despois daquel xoves, previa consulta á Xunta de Portavoces.

No mes de agosto non se celebrarán sesións ordinarias.

3. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028455P.

CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE INFORME, ESTUDO E PROPOSTA, DE CARÁCTER PERMANENTE E ESPECIAL.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O pasado 17 de xuño de 2023 constituíuse a Corporación Municipal do Concello de Santiago de Compostela para o mandato 2023- 2027.

Para o legal funcionamento do Pleno é necesaria a creación das comisións informativas de estudo, informe ou proposta, e cuxas funcións principais son, dun lado, o estudo, informe ou consulta que deban someterse á decisión do Pleno e, doutro lado, o seguimento da xestión da Alcaldía e do equipo de goberno.

CONSIDERACIÓNS

As funcións das comisións informativas detállanse no artigo 122.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL). Así mesmo, a Comisión

Especial de Contas existirá en todos os concellos, tal e como se desprende do establecido nos artigos 116 LBRL e 212 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Pola súa banda, o artigo 117.1 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela dispón que o Pleno acordará a creación, o número e a denominación destas comisións, que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en función do número de concelleiros/as que teñan no Pleno e polos concelleiros/as non adscritos/as.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Crear as comisións de informe, estudo e proposta, de carácter permanente e especial, que se detallan a continuación e que terán a composición que se indica:

1. Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración e Especial de Contas.

Estará composta por un máximo de tres concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

2. Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.

Estará composta por un máximo de tres concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

3. Comisión da Área Social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia.

Estará composta por un máximo de tres concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

4. Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

Estará composta por un máximo de dous concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

5. Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

Formarán parte da comisión como vogais os seguintes concelleiros:

Grupo municipal do BNG:
Don Iago Lestegás Tizón.
Dona Míriam Louzao Fernández.

Serán suplentes os demais membros do grupo municipal.

Grupo municipal do PP:

Dona María Baleato González.

Don José Antonio Constenla Ramos.

Serán suplentes os demais membros do grupo municipal.

Grupo municipal do PSdeG:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Serán suplentes os demais membros do grupo municipal.

Grupo municipal de CA:

Don Xan Xesús Duro Fernández.

Será suplente dona María Rozas Pérez.

Segundo. A Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración e Especial de Contas entenderá de todos aqueles asuntos que non estean comprendidos expresamente no ámbito das outras comisións.

Na súa sesión de constitución, as comisións, tanto informativas como especiais, elixirán ao seu presidente efectivo e fixarán o seu calendario de sesións.

As comisións informativas reuniranse polo menos unha vez ao mes, no día fixado pola propia comisión.

Terceiro. Poderán crearse comisións especiais para o estudo de diversas materias e baixo a presidencia da alcadea, que estarán formadas, agás disposición en contra, por un concelleiro de cada un dos grupos municipais da Corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional no Pleno da Corporación do grupo no que se integra.

Cuarto. A Xunta de Portavoces constituirase como comisión especial, presidida pola alcaldesa e composta polos portavoces de cada un dos grupos municipais.”

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Primeiro. Crear as comisións de informe, estudo e proposta, de carácter permanente e especial, que se detallan a continuación e que terán a composición que se indica:

1. Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración e Especial de Contas.

Estará composta por un máximo de tres concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

2. Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.

Estará composta por un máximo de tres concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

3. Comisión da Área Social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia.

Estará composta por un máximo de tres concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

4. Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións.

Estará composta por un máximo de dous concelleiros de cada grupo municipal.

O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representatividade que cada grupo ten no Pleno da Corporación.

5. Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

Formarán parte da comisión como vogais os seguintes concelleiros:

Grupo municipal do BNG:

Don Iago Lestegás Tizón.
Dona Míriam Louzao Fernández.

Serán suplentes os demais membros do grupo municipal.

Grupo municipal do PP:

Dona María Baleato González.
Don José Antonio Constenla Ramos.

Serán suplentes os demais membros do grupo municipal.

Grupo municipal do PSdeG:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

Serán suplentes os demais membros do grupo municipal.

Grupo municipal de CA:

Don Xan Xesús Duro Fernández.

Será suplente dona María Rozas Pérez.

Segundo. A Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración e Especial de Contas entenderá de todos aqueles asuntos que non estean comprendidos expresamente no ámbito das outras comisións.

Na súa sesión de constitución, as comisións, tanto informativas como especiais, elixirán ao seu presidente efectivo e fixarán o seu calendario de sesións.

As comisións informativas reuniranse polo menos unha vez ao mes, no día fixado pola propia comisión.

Terceiro. Poderán crearse comisións especiais para o estudo de diversas materias e baixo a presidencia da alcadese, que estarán formadas, agás disposición en contra, por un concelleiro de cada un dos grupos municipais da Corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional no Pleno da Corporación do grupo no que se integra.

Cuarto. A Xunta de Portavoces constituirase como comisión especial, presidida pola alcaldesa e composta polos portavoces de cada un dos grupos municipais.

4. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028456D.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NAS SOCIEDADES DEPENDENTES OU NAS QUE PARTICIPA O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Concello de Santiago de Compostela conta cun sector público conformado por diversas sociedades de dereito privado que dependen del ou nas que participa.

Co inicio do novo mandato corporativo, é necesario organizar a participación do Concello nos órganos de goberno e administración daquelas entidades privadas que forman parte do sector público local ou nas que participa.

CONSIDERACIÓNS

As normas ou estatutos reguladores do funcionamento das sociedades dependentes ou participadas polo Concello de Santiago de Compostela atribúenlle ao Pleno da Corporación a determinación do número e composición dos seus órganos de goberno e administración ou ben da distribución entre os grupos políticos dos postos de representación naqueles órganos.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Aprobar a representación dos grupos políticos nos órganos das sociedades municipais ou nas que participa o Concello de Santiago de Compostela, segundo se detalla:

1. Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA) e da Sociedade Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA): formarán parte dos respectivos Consellos de Administración dous conselleiros/as a proposta do grupo municipal do PP, un/ha a proposta do grupo municipal do BNG, un/ha a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE e un/ha a proposta do grupo municipal de CA.

2. Sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de Galicia, S.A. (MERCAGALICIA): formarán parte do seu Consello de Administración como conselleiros/as un/ha a proposta do grupo municipal do PP, un/ha a proposta do grupo

municipal do BNG e un/ha a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Asistirá como convidado un/ha concelleiro/a do grupo municipal de CA.

3. Sociedade Xestión de Actividade Deportiva e Espectáculos, S.L. (XADE): cada grupo municipal proporá a designación dun/ha concelleiro/a do Consello de Administración da sociedade.

4. Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L. (UNINOVA): formarán parte do seu Consello de Administración a alcaldesa, un concelleiro e unha concelleira do Goberno Municipal, un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do PP, un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do BNG, un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do PSdeG e un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal de CA.”

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Aprobar a representación dos grupos políticos nos órganos das sociedades municipais ou nas que participa o Concello de Santiago de Compostela, segundo se detalla:

1. Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA) e da Sociedade Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA): formarán parte dos respectivos Consellos de Administración dous concelleiros/as a proposta do grupo municipal do PP, un/ha a proposta do grupo municipal do BNG, un/ha a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE e un/ha a proposta do grupo municipal de CA.

2. Sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de Galicia, S.A. (MERCAGALICIA): formarán parte do seu Consello de Administración como concelleiros/as un/ha a proposta do grupo municipal do PP, un/ha a proposta do grupo municipal do BNG e un/ha a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Asistirá como convidado un/ha concelleiro/a do grupo municipal de CA.

3. Sociedade Xestión de Actividade Deportiva e Espectáculos, S.L. (XADE): cada grupo municipal proporá a designación dun/ha concelleiro/a do Consello de Administración da sociedade.

4. Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras M.P., S.L. (UNINOVA): formarán parte do seu Consello de Administración a alcaldesa, un concelleiro e unha concelleira do Goberno Municipal, un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do PP, un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do BNG, un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do PSdeG e un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal de CA.

5. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028457X.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO E NO CONSELLO REITOR DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Concello de Santiago de Compostela conta con entidades de dereito público integradas na súa Administración, como o organismo autónomo Auditorio de Galicia e, á vez, tamén integra, xunto con outras Administracións Públicas, outras entidades de dereito público.

Co inicio do novo mandato corporativo, é necesario organizar a participación do Concello nos diversos órganos daquelas entidades, públicas ou privadas, que integran o sector público local ou nas que participa.

CONSIDERACIÓNS

As normas ou estatutos reguladores do funcionamento das entidades públicas dependentes do Concello de Santiago de Compostela ou das que forma parte atribúenlle ao Pleno da Corporación a determinación do número e composición dos seus órganos de goberno e administración ou ben da distribución entre os grupos políticos dos postos de representación naqueles órganos.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Aprobar a representación dos grupos políticos nas entidades de dereito público dependentes ou nas que participa o Concello de Santiago de Compostela, segundo se detalla a continuación:

1. Consorcio da Cidade de Santiago: formarán parte do Consello de Administración un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do PP e un/ha concelleiro/a a a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Poderá asistir como invitada a voceira do grupo municipal de CA.

2. Consello Reitor do Auditorio de Galicia: formarán parte, ademais da alcaldesa como presidenta, unha vogal en representación do grupo municipal do BNG, un/ha vogal en representación do grupo municipal do PP, un/ha vogal en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE e un/ha vogal en representación do grupo municipal de CA."

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Aprobar a representación dos grupos políticos nas entidades de dereito público dependentes ou nas que participa o Concello de Santiago de Compostela, segundo se detalla a continuación:

1. Consorcio da Cidade de Santiago: formarán parte do Consello de Administración un/ha concelleiro/a a proposta do grupo municipal do PP e un/ha concelleiro/a a a proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Poderá asistir como invitada a voceira do grupo municipal de CA.

2. Consello Reitor do Auditorio de Galicia: formarán parte, ademais da alcaldesa como presidenta, unha vogal en representación do grupo municipal do BNG, un/ha vogal en representación do grupo municipal do PP, un/ha vogal en representación do grupo municipal do PSdeG-PSOE e un/ha vogal en representación do grupo municipal de CA.

6. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00028426W.

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS, ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, ASÍ COMO AOS GRUPOS POLÍTICOS.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O 17 de xuño de 2023 constituíuse a Corporación Municipal do Concello de Santiago de Compostela para o mandato 2023- 2027.

Para o normal funcionamento dos órganos municipais é conveniente determinar o réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación, de conformidade co establecido nos artigos 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Aprobar o réxime de dedicacións exclusivas e parciais e dietas por asistencia e indemnizacións que, segundo se indica a continuación:

1. Dedicacións exclusivas: cunhas retribucións, incluídas pagas extraordinarias, equivalentes ás dos funcionarios municipais do subgrupo A1 e nivel 26. Poderán acollerse á dedicación exclusiva, por razón do volume de traballo a realizar, os seguintes cargos:

a) A Alcaldía. Con efectos desde a data de toma de posesión (17/6/2023).

b) Os/as concelleiros/as delegados/as. Créanse seis dedicacións exclusivas, das que catro terán efectos desde a data na que foron conferidas as delegacións (17 de xuño de 2023) e dúas desde o 1 de xullo de 2023.

c) Cinco dedicacións exclusivas para os concelleiros da Corporación, das cales catro corresponderán ao grupo municipal do PP e unha ao grupo municipal do PSdeG-PSOE.

2. Dedicacións parciais: por razón do desempeño de funcións de presidencia, vicepresidencia, ostentar delegacións ou desenvolver outras responsabilidades municipais, poderán acollerse ao réxime de dedicación parcial, os seguintes cargos:

a) Un/ha concelleiro/a delegado/a: cun réxime de dedicación do 80% da xornada ordinaria de traballo e as retribucións, incluídas pagas extraordinarias, equivalentes ás dos funcionarios do subgrupo A1 e nivel 26.

b) Dúas dedicacións parciais, cun réxime de dedicación do 60% da xornada ordinaria de traballo e as retribucións, incluídas pagas extraordinarias, equivalentes ás dos funcionarios do grupo A1 e nivel 26, para dous concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

3. Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán pola asistencia a sesións de órganos colexiados as indemnizacións fixadas no Orzamento Municipal, así como as indemnizacións, axudas de custo e gastos de representación fixadas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal.
4. Os membros da Corporación terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as establecidas nas bases de execución do Orzamento.
5. A aqueles membros corporativos que perciban retribucións en forma de dedicación exclusiva, e teñan acreditados trienios na función pública ou en réxime de dedicación exclusiva ao Concello de Santiago e o dereito a axuda familiar, incorporaránselle nos seus haberes mensuais.
6. As retribucións dos cargos con dedicacións exclusivas e parciais actualizaranse anualmente segundo o establecido pol Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os funcionarios do subgrupo A1.
7. Os grupos políticos municipais percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha subvención segundo o previsto no Orzamento Municipal.
8. Facúltase á Alcaldía para que designe aos concelleiros que desempeñarán os cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial, dando conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.”

O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

Aprobar o réxime de dedicacións exclusivas e parciais e dietas por asistencia e indemnizacións que, segundo se indica a continuación:

1. Dedicacións exclusivas: cunhas retribucións, incluídas pagas extraordinarias, equivalentes ás dos funcionarios municipais do subgrupo A1 e nivel 26. Poderán acollerse á dedicación exclusiva, por razón do volume de traballo a realizar, os seguintes cargos:

a) A Alcaldía. Con efectos desde a data de toma de posesión (17/6/2023).

b) Os/as concelleiros/as delegados/as. Créanse seis dedicacións exclusivas, das que catro terán efectos desde a data na que foron conferidas as delegacións (17 de xuño de 2023) e dúas desde o 1 de xullo de 2023.

c) Cinco dedicacións exclusivas para os concelleiros da Corporación, das cales catro corresponderán ao grupo municipal do PP e unha ao grupo municipal do PSdeG-PSOE.

2. Dedicacións parciais: por razón do desempeño de funcións de presidencia, vicepresidencia, ostentar delegacións ou desenvolver outras responsabilidades municipais, poderán acollerse ao réxime de dedicación parcial, os seguintes cargos:

a) Un/ha concelleiro/a delegado/a: cun réxime de dedicación do 80% da xornada ordinaria de traballo e as retribucións, incluídas pagas extraordinarias, equivalentes ás dos funcionarios do subgrupo A1 e nivel 26.

b) Dúas dedicacións parciais, cun réxime de dedicación do 60% da xornada ordinaria de traballo e as retribucións, incluídas pagas extraordinarias, equivalentes ás dos funcionarios do grupo A1 e nivel 26, para dous concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

3. Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán pola asistencia a sesións de órganos colexiados as indemnizacións fixadas no Orzamento Municipal, así como as indemnizacións, axudas de custo e gastos de representación fixadas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal.

4. Os membros da Corporación terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as establecidas nas bases de execución do Orzamento.

5. A aqueles membros corporativos que perciban retribucións en forma de dedicación exclusiva, e teñan acreditados trienios na función pública ou en réxime de dedicación exclusiva ao Concello de Santiago e o dereito a axuda familiar, incorporaránselle nos seus haberes mensuais.

6. As retribucións dos cargos con dedicacións exclusivas e parciais actualizaranse anualmente segundo o establecido pol Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os funcionarios do subgrupo A1.

7. Os grupos políticos municipais percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha subvención segundo o previsto no Orzamento Municipal.

8. Facúltase á Alcaldía para que designe aos concelleiros que desempeñarán os cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial, dando conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

7. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00028438Z.

MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O EXERCICIO 2023.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A última modificación do cadro de persoal produciuse por acordo plenario de data 30 de novembro do 2022. Na mesma plasmábase, con respecto ao persoal eventual, a seguinte distribución:

- 6 asesores/as técnicos/as grupo A1
- 11 asesores/as administrativos/as grupo C1

A modificación que neste momento propón a alcaldía supón a seguinte distribución, que non só afecta ao número senón tamén ao crédito necesario para atender ao compromiso que se adquira na súa virtude:

- 14 asesores/as técnicos grupo A1
- 9 asesores/as administrativos/as grupo C1

Corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias que o artigo 127.1.h da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, aprobar o número e réxime do persoal eventual.

Non obstante, para proceder á adopción do correspondente acordo, é premisa a modificación do cadro de persoal no aspecto indicado ao inicio.

O cadro de persoal é unha manifestación da potestade auto-organizativa das corporación locais, que se infire do que dispón o artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A característica esencial do cadro de persoal é a súa íntima vinculación ao orzamento, de xeito que aquel instrumento é un elemento que vincula as políticas de persoal e orzamentaria. É, así mesmo, un elemento necesario para dar cumprimento ao principio de legalidade orzamentaria, que indica os postos que poden cubrirse cos fondos orzamentarios, isto é, as dotacións orzamentarias. Configúrase tamén como un límite negativo, **xa que non poden crearse, e menos cubrirse, postos ou prazas non dotadas orzamentariamente.**

O artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón neste sentido, o seguinte:

“Corresponde a cada Corporación aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. O cadro deberá responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral”.

En desenvolvemento do anterior, o artigo 126 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local indica que os cadros de persoal, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento, e responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, xa transcrito.

- **SOBRE O NÚMERO DE PERSOAL EVENTUAL QUE CONTÉN A PROPOSTA DA ALCALDÍA**

O artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventual nos concellos deberá axustarse aos seguintes límites e normas:

....f) Os concellos de municipios con poboación superior a 75.000 e non superior a 500.000 habitantes, poderán incluír nas súas plantillas postos de traballo de persoal eventual por un número que non poderá exceder do número de concelleiros da Corporación.

En aplicación da normativa electoral, Santiago conta con 25 concelleiros/as, polo que a proposta da alcaldesa, de 23 efectivos, encaixa no límite indicado.

Por tanto, e como premisa para que a Xunta de Goberno Local determine na súa totalidade o número e características do persoal eventual, é preciso que o Pleno da

Corporación acorde a modificación do cadro ou plantilla no senso exposto, advertindo que todas as modificacións do cadro reflectiranse necesariamente -unha vez aprobadas- na relación de postos de traballo.

- **SOBRE O PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DO CADRO:**

Polo que atinxe ao procedemento de aprobación da modificación do cadro de persoal, non se considera neste extremo necesaria a negociación na Mesa Xeral de Negociación nos termos dos artigos 34 e 37 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, por afectar exclusivamente á determinación do persoal eventual.

O artigo 127 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local sinala que unha vez aprobado o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, remitirase copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da Comunidade Autónoma respectiva, dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* xunto co resume do orzamento. Entra en vigor coa súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e o transcurso dos quince días que establece o art.º 65.2 en relación co art.º 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Como complemento, o artigo 129.3 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local indica que corresponde aos órganos da Corporación Local, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 7/1985, do 2 de abril, as restantes competencias en materia de persoal ao seu servizo, e en particular as seguintes:

a) a aprobación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo e as súas modificacións.

Tamén dispón o mesmo artigo que os acordos das Corporacións Locais que versen sobre estas materias deberán ser comunicados ao Ministerio de Administración Territorial e ao órgano competente en materia de réxime local da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 30 días a partir do seguinte ao da data da súa adopción, e sen prexuízo do deber xeral de comunicación de acordos ao que se refire o artigo 56.1 da Lei 7/1985.

No que atinxe ao **órgano competente para a adopción do acordo**, haberá que estar ao que dispón o artigo 123.1.h). da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que dispón que corresponden ao Pleno as seguintes atribucións:

...h) a aprobación dos orzamentos, do cadro de persoal, así como a autorización de gastos nas materias da súa competencia.

O acordo, segundo se infire do apartado 2 do mesmo artigo, adoptarase por maioría simple de votos, e a competencia para a súa adopción é indelegable, a teor do que dispón o apartado 4 do citado artigo 123.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal do ano 2022 prorrogado para o ano 2023, no que atinxe a persoal eventual, nos termos seguintes:

- 14 asesores/as técnicos grupo A1
- 9 asesores/as administrativos/as grupo C1

Segundo.- Someter a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña polo prazo de quince días para a presentación das reclamacións que as persoas interesadas consideren oportunas. De non presentarse considérase o aprobado definitiva o acordo.”

O Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (6 BNG, 6 PSdeG-PSOE e 2 CA) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal do ano 2022 prorrogado para o ano 2023, no que atinxe a persoal eventual, nos termos seguintes:

- 14 asesores/as técnicos grupo A1
- 9 asesores/as administrativos/as grupo C1

Segundo. Someter a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña polo prazo de quince días para a presentación das reclamacións que as persoas interesadas consideren oportunas. De non presentarse considérase o aprobado definitiva o acordo.

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00028436N.

DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E DA DESIGNACIÓN DOS SEUS VOCEIROS.

A vista dos escritos presentados polos grupos políticos municipais do Bloque Nacionalista Galego (BNG), de Compostela Aberta (CA), do Partido Popular (PP) e do Partido Socialista (PSdeG-PSOE).

O Pleno da Corporación toma coñecemento da súa constitución e da designación dos seus portavoces:

Bloque Nacionalista Galego:

Dona Goretti Sanmartín Rei
Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

Portavoz:

Dona Miriam Louzao Fernández (titular)
Dona Pilar Lueiro García (suplente)

Compostela Aberta:

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Xesús Duro Fernández

Portavoz:

Dona María Rozas Pérez (titular)

Don Xan Xesús Duro Fernández (suplente)

Partido Popular:

Don Borja Vereá Fraiz

Dona María Baleato González

Dona Yolanda Otero Balsa

Don José Antonio Constenla Ramos

Dona Olaya Otero Sanjurjo

Don José Ramón de la Fuente Rodríguez

Dona Nerea Barcia Guldrís

Don Evaristo Ben Otero

Dona María Rosario Ferreiro Varela

Don Adrián Villa Torres

Don Borja Rubio Somoza

Portavoz:

Don Borja Vereá Fraiz (titular)

Dona María Baleato González (adxunta)

Dona Yolanda Otero Balsa (suplente)

Don José Antonio Constenla Ramos (adxunto)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Dona María Milagros Castro Sánchez

Don Gumersindo Guinarte Cabada

Dona Marta Abal Rodríguez

Don Gonzalo Muíños Sánchez

Dona Marta Álvarez Vázquez

Portavoz:

Don Gonzalo Muíños Sánchez (titular).

9. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00028436N.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA Nº 2023/8135, SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA, Nº 2023/8136, SOBRE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDESA, E DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE XUÑO DE 2023 SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións da Alcaldía números 2023/8135 e 2023/8136 sobre delegación de competencias da alcaldía e sobre designación dos/as membros da Xunta de Goberno Local e nomeamentos de tenentes de alcaldesa, así como do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023, sobre delegación de competencias.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 10:26 horas. Dou fe.

